

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL” PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE FOMENTO E FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO NO CAMPO DA ENFERMIDADE MENTAL PARA O FAVORECEMENTO DUNHA SOCIEDADE INCLUSIVA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa asociación ITÍNERA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

a. Desenvolver un programa de formación do voluntariado específico para este convenio, que favoreza a socialización dos enfermos a través do acompañamento por voluntarios.

b. Desenvolver un programa de incorporación sociolaboral alternativo para pacientes estabilizados que padezan un trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo, co obxecto de incrementar as súas competencias sociais que permitan unha plena integración sociolaboral fóra da dita institución sanitaria.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- a Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental” ten como obxectivos recollidos nos seus Estatutos captar e vincular voluntarios sociais coas persoas que padecen trastorno mental severo, sensibilizar á sociedade para desenvolver actitudes máis tolerantes que favorezan a integración e normalización social das persoas con trastorno mental severo e persistente e rachar co seu estigma e rexeitamento social que dificulta a recuperación da súa enfermidade, e contribuír a crear unha comunidade inclusiva que diminúa os efectos da enfermidade e ofrezca oportunidades de desenvolvemento persoal.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

